


TEMAS 9 – 10:
O ESPAZO HUMANO
(11 – 25 de maio)

1. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN MUNDIAL



CUESTIÓN:

1. Indica os focos de concentración de poboación do mundo e os de despoboamento.
2. Sinala os tipo de factores que explican a distribución mundial da poboación?

2. MOVEMENTO NATURAL DE POBOACIÓN: NATALIDADE E MORTALIDADE

- **MOVEMENTO NATURAL**: *“é o crecemento ou decrecemento da poboación por causas naturais, pola diferenza entre a natalidade e a mortalidade”.*
- **NATALIDADE**: *“é o número de nacementos ocorridos nunha poboación durante un ano. Para a súa medición empréganse as taxas de natalidade (‰) e fecundidade (nacementos/muller)”.*
- **MORTALIDADE**: *“é o número de defuncións ocorridas nunha poboación durante un ano. Para a súa medición empréganse as taxas de mortalidade e mortalidade infantil (‰), así como a esperanza de vida (anos)”.*
- **CRECIMENTO NATURAL**: *“é o balance entre a natalidade e a mortalidade (CN = Taxa Nat. - Taxa Mort.)”.*

CUESTIÓN A REALIZAR:

3. Calcula as taxas de natalidade, mortalidade e o crecemento natural para os seguintes países (*fórmulas na páx. 186*).


País (2017)	Nacement.	Defuncións	Pob. total	Taxa Nat.	Taxa Mort.	Crec. Nat.
MÉXICO	2.586.287	590.693	123.518.000			
CANADÁ	388.729	252.242	36.489.000			
ALEMAÑA	784.901	932.272	82.792.351			
ESPAÑA	393.181	424.523	46.572.132			

3. COMPOSICIÓN DA POBOACIÓN: AS PIRÁMIDES

- “A **COMPOSICIÓN OU ESTRUCTURA DA POBOACIÓN** infórmanos sobre as características internas dunha poboación: sexo, idade, estado civil, nivel de estudos, actividade profesional, etc.”
- “As **PIRÁMIDES DE POBOACIÓN** son unha forma gráfica de representación da composición por sexo e idade da poboación dun lugar e tempo determinados. Reflicte aspectos como a xuventude, a madurez, a vellez, a distribución por sexo ou a historia demográfica (guerras, epidemias, migracións, etc.).

CUESTIÓN A REALIZAR:

4. Realiza un comentario da pirámide de poboación de España no ano 2019 seguindo os pasos e o modelo das páxinas 202 – 203 do libro.



4. OS MOVEMENTOS MIGRATORIOS

- “Son desprazamentos de poboación no espazo, distinguíndose entre a **EMIGRACIÓN**, saída de poboación desde un lugar de orixe, e **INMIGRACIÓN**, chegada de persoas a un lugar de destino. A diferenza entre inmigración e emigración é o denominado saldo migratorio”.



CUESTIÓN:

5. Cales son as causas principais das migracións? Que tipos de migracións existen?

6. Que consecuencias provocan as migracións nos lugares de orixe? E nos de destino?

5. AS MIGRACIÓNS EN ESPAÑA

- Ao longo dos séculos XIX e XX a poboación española migrou no interior do país e cara outros países de América e Europa, pero na actualidade os movementos migratorios son máis variados. Dende finais do s. XX España converteuse nun país receptor de inmigrantes.



CUESTIÓNES:

7. De que rexións procedecían e cara onde se dirixían os emigrantes que se desprazaban dentro de España? Por que o facían?
8. Cales foron os principais destinos internacionais dos emigrantes españois?
9. Cales son os perfís dos inmigrantes que chegan a España na actualidade?

CUESTIÓN A REALIZAR:

10. Observa o seguinte mapa (*pax. 217*) e responde:

- Cales son as provincias cun porcentaxe de emigrantes superior ao 5% da poboación total?
- Que pasa en Galicia en liñas xerais? Con que motivos relacionas o fenómeno da emigración galega?

